



INTER
SECCIÓN

ESCOLAS
2020

Paraísos

INTERSECCIÓN ESCOLAS 2020

Paraísos

Bases

Proposta.

“A sensatez dínos que as cousas da terra existen ben pouco e que a verdadeira realidade só existe nos soños. Para dixerir a felicidade natural e artificial, primeiro hai que ter a coraxe de tragala”.

“[...]Porque, do mesmo xeito que unha temible droga, o ser humano goza do privilexio de poderextraer novas e sutís alegrías incluso da dor, da catástrofe e da fatalidade. Poderás ver nesta pintura a un camiñante sombrío e solitario, mergullado na movediza onda das multitudes[...]”.

Baudelaire, *Los paraísos artificiales*

O noso tempo e a nosa mentalidade son audiovisuais. Polo tanto, a nosa sensibilidade espacial e perceptiva é probablemente moito maior que a de Baudelaire e os seus contemporáneos e, como tal, moito máis difícil de espertar e satisfacer. A cantidade de información visual á que estamos expostos é estimulante pero excesiva, ata o punto de facernos insensibles a certas cousas. Pero, cales son os nosos paraísos artificiais?

Retomando a idea dos “paraísos artificiais” de Baudelaire e reinterpretándoa, propoñemos xerar pezas que dalgún xeito aborden estratexias ou lugares de evasión, sexan persoais e intimistas, colectivos e sociais ou de calquera outra clase, que as persoas xeran ou aos que acuden tanto física como virtualmente para descansar do mundo, para divertirse ou distraerse, relaxarse, chorar ou confesar preocupacións, envorcar os seus segredos e medos, etc. En definitiva que procure retratar, documentar ou incluso recrear aqueles espazos que actúen como paraísos artificiais, que poden adoptar infinitas formas e formalizarse na técnica ou disciplina que cada persoa decida, coa condición de que unha parte da obra teña un formato audiovisual.

Requisitos xerais.

- Poderá participar calquera estudante que estea a cursar Belas Artes, Comunicación Audiovisual ou un estudo, máster ou doutorado relacionado directamente.
- Ademais de obras videográficas (video-arte, animación, experimental, video-ensaio, videoclip, fashion film, ficción, etc.), tamén se poden presentar obras para ser instaladas ou formalizadas en calquera técnica artística: fotografía, escultura, vídeo-instalación, debuxo ..., sempre que estean integrados nunha lóxica audiovisual, é dicir, que as súas estratexias remitan ao movemento, á luz, ao tempo, ao son, etc. As obras seleccionadas formarán parte da sección ESCOLAS.
- No caso das obras monocanal priorizaranse aquelas que non excedan os 10 minutos.
- A selección das obras suporá a cesión dos dereitos para futuras exhibicións do programa.

Participación.

- Para participar cunha obra deberá remitirse ao correo subterraneogrupo@gmail.com o formulario de inscrición que se pode descargar desde a páxina de Instagram do Grupo Subterráneo.
- O prazo de inscrición finalizará o 11 de setembro e nos días posteriores comenza a selección das pezas. Contactaremos c@s autor@s das pezas escollidas mediante e-mail.

Premio.

Nesta sección, un xurado entregará o “Premio Resorte” a unha das artistas participantes. O premio Resorte consistirá no asesoramento e seguimento non presencial durante tres meses por parte do artista visual Enrique Lista dun proxecto artístico da persoa premiada.



Contacto.

subterraneogrupo@gmail.com